



REGULAMENTO

VI Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa

Art. 1.- O Club Ciclista Terra Cha en colaboración co Concello de Vilalba, coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e acorde co Regulamento Xeral de Cicloturismo, organiza a marcha “VI Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa” o día 28 de marzo do 2020.

Art. 2.- A saída será as 9,00h dende a Praza da Constitución, Vilalba.

Art. 3.- A marcha está aberta a todo ciclista maior de 15 anos en posesión de licenza federativa en vigor, cun máximo de 300 participantes. As inscricións de menores de 18 anos, deberán ir acompañadas da autorización por escrito do pai, nai ou titor legal do participante. O importe da inscrición será de 20€ para os federados e de 30€ para os que precisen solicitar licenza dun día.

Art. 4.- **Todos os participantes menores de 18 anos**, estean ou non en posesión de licenza federativa en vigor, deberán achegar a pertinente autorización paterna para poder participar. De non achegar a devandita autorización, non se dará por formalizada a inscrición e non lles será entregado o dorsal para poder participar na VI Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa.

Art. 5.- A inscrición realizarase a través da páxina web de Galitiming dende o 27 de xaneiro do 2020, ata o día 24 de marzo do 2020.

Art. 6.- Será obrigatorio o uso do casco.

Art. 7.- Só se consideraran participantes da marcha aqueles ciclistas que leven o dorsal facilitado pola organización.

Art. 8.- A organización disporá dos servizos sanitarios esixidos polos regulamentos técnicos de la RFEC, ambulancia e médico.

Art. 9.- Cada participante será responsable dos seus actos, tanto dentro coma fora da marcha, debendo cumprir o regulamento de circulación e demais normas de Tráfico e co Medio Ambiente previstas pola lei.

Art. 10.- A organización facilitará avituallamentos sólidos e líquidos en distintos puntos do percorrido, reservándose o dereito a modificar o mesmo si por causas de forza maior, ou o bo desenrolo da proba así o aconsellan.

Art. 11.- A inscrición da marcha supón á aceptación do regulamento.